

SOBERANÍA DIXITAL XI FEDIFESTA



BIBLIOTECA EL VIEJO PANCHO
VENRES 13 DE MARZO 2026
AMARINHA.GAL

Que é a instancia de amarinha.gal?

por LUCÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

Rematando o verán de 2024 comezamos a tomarnos en serio o Fediverso, unha idea que nos atraía a cal só pode ser perseguida pois non ven a ti cunha axenda sibilina. Así ocorre coa liberdade e a felicidade, non se regalan nin se facilitan, non na sociedade actual.

No mes de setembro fixemos a primeira reunión de amarinha.gal para dar a coñecer a instancia que fundáramos para a comarca. Non lembro moi ben como ocorreu pero o que comezou sendo unha proba converteuse nunha cita mensual esperada. A Fedifesta é, pois, a celebración de que xa levemos unha ducia de xuntanzas sen que a motivación decaía.

En que me cambiou a min a instancia de amarinha.gal? Para comezar, deume pé a abandonar o ambiente tóxico doutras redes sociais que lonxe de me beneficiar me estaban a consumir. No Fediverso decateime de que non precisas seguir as modas se queres que a xente se interese polo que dis, abonda con ter algo que dicir que sexa de interese. Decateime de que o suposto efecto positivo de autopromoción que teñen as redes sociais convencionais é unha falacia que insistimos en manter a pesar de que as probas digan o contrario. Grazas a ese fogar virtual que é amarinha.gal púxenme en contacto con persoas que non sabía que existían, quero dicir, xentiña que se preocupa polo futuro dende unha perspectiva soberana e sustentable. De súpeto, non eramos só tres gatos, somos tres gatos en cada recanto facendo que aos poucos sumemos unha boa algarabía gatuna coa que transformamos os medios de comunicación sibilinamente.

Isto, no que se refire ao Fediverso virtual, porque aprendín tamén que existe un Fediverso físico, que é aquel que xorde coas reunións organizadas a causa del. As xuntanzas que facemos con asiduidade na biblioteca de Ribadeo tamén teñen o seu carácter especial. Algunhas das persoas nin sequera se propoñen facer unha conta en amarinha.gal porén non deixan de formar parte da comunidade que a instancia habilitou. O interese pola soberanía dixital resultou ser moito máis transversal do que nos imaxinábamos. Non só usuarios de redes sociais viven coa preocupación de perder a autonomía por mor do xugo que a tecnoloxía nos está a impoñer. A día de hoxe, case a totalidade da poboación se ve afectada dun xeito ou doutro polas cadeas cos que as grandes empresas tecnolóxicas insisten en agasallarnos. É así que na biblioteca coñecín a esas outras persoas, veciñas da miña comarca con quen comparto a preocupación pola soberanía dixital

e con quen podo intercambiar coñecementos e experiencias facendo que a loita por un mundo mellor non sexa solitaria senón colectiva, máis forte e máis amena.

A Fedifesta é precisamente o momento no que invitamos aos perdidos a sumarse, converterse en membro da nosa comunidade non supón custe ningún porén ten moitos beneficios, propios e globais. Aprender en conxunto, dispor de quen che axude a facelo ou ter oídos que se interesen polos mesmos temas ca ti son un alimento que o mercado da atención nos arrancou fai moito tempo. Digo alimento, porque o ingrediente máis importante dunha festa é a comida, e se ben neste caso se trata dun alimento para a mente, non deixa de satisfacer a necesidade dunha adecuada nutrición. No Fediverso atópase un consumo diferente, a información que alí se comparte non responde a intereses comerciais senón á intención de compartir aquilo que nos parece relevante ou que precisa ser coñecido. Grazas á curiosidade dos seus usuarios, prolifera o contido divulgativo e de loita social, ofrécense espazos seguros de debate e débates sobre como se deben construír eses espazos. É, en definitiva, un caldo de cultivo para crear algo novo, máis substancioso, máis saboroso.

Fedifesta. Nebuloso?

por ANTONIO GREGORIO MONTES

Celebrar unha festa. Congratulámonos porque todo vaia ben, aínda que sexa antes de que na realidade todo vaia ben. É dicir, podemos celebrar unha festa anticipatoria de que o noso traballo vaia ben e nos de ledicia. Neste caso, o da fedifesta, é un pouco esta situación, xunto con algo de feira informativa, de difusión, de reencontro de amizades e/ou creación de novos amigos. Nesas estamos, poñendo o traballo e compartíndoo para que a nosa soberanía dixital, a de todos, sexa máis posible, procurando vías, o software libre, e se non, os programas abertos, a federación dun universo de propostas de utilidades informáticas, redes sociais, servizos dependentes da comunidade, de nós, en troques de facernos máis dependentes de empresas, de capital, de outros. E non, non se trata dun ‘a modo do premio Nobel previo de Obama’, porque non son os outros os que decalran festa, senón nós, dalgún xeito xa en integración, quen celebramos.

Procuo na rede, nun buscador ‘pouco sospeitoso’, Fedifest, e o primeiro que me sae son hoteis para a oktoberfest muniquesa na páxina de Booking, empresa de

capital relacionado con intereses israelís e que se queda con algo de información cada vez que entras na súa web, na súa tea de arañeira, na que queda pegada a modo dunha mosca da que unha araña está a punto de servirse. Se procuro por Fedi fiesta, o primeiro é nunha rede social privada, Facebook, un tal Fedi que ó parecer se adica a ir de troula en troula... de calquera xeito, Open street maps, un mapa aberto e colaborativo, si presenta fedifestas, como podes ver aquí (aínda que sexa evidente a súa desactualización, non amosando a nosa agora mesmo): https://umap.openstreetmap.fr/es/map/fedifestas_1162023#2/27.059126/-41.484375

Sirva o anterior para sinalar que, no estado actual da rede de redes, a celebración que tan ledamente estamos a promover, ten pouca tirada aínda. Pero sabemos que a cousa irá a máis porque estamos dispostos -os que estamos neste fregado en Ribadeo acompañando ós do resto do mundo- a traballar porque así sexa, e aínda que porcentualmente sexamos poucos, as revolucións sempre comezaron cun xerme.

Na Fedifesta contemplamos o futuro das redes sociais e internet a través do que coñecemos do fediverso, do universo federado de aplicacións con protocolos que permiten interoperar de xeito libre entre elas na rede de redes, internet. Un futuro que nos pertence pero polo que, como por todo o que nos pertence, hai que loitar, reclamar, manter, apoiar... porque nós imos nese futuro apoiados, por moito que sexamos a figura principal; ese futuro somos nós, e se non loitamos por el, iremos perdendo as nosas loitas, os nosos apoios e tamén ós que nos apoian, a nosa propia identidade ó tempo que baleirando a nosa humanidade. E no camiño, baleirando tamén os nosos petos mentres os milmillonarios donos de compañías tecnolóxicas aumentan en número ó tempo que cada un deles (exclusivo para homes) duplica o seu capital de ano en ano (hai que engadir: á nosa costa). As festas correspondentes a eses aumentos e ó seu 'nivel de vida' ou de poder si son difundidas na súa existencia, pero non importa moito: teñen a entrada restrinxida.

Mentres, seguimos o noso camiño, como dicía Machado, facendo camiño ó camiñar. E con Rosalía, coa estrela na fronte e un cantar no bico. Camiñando coa mente clara e o corazón ledado. Un camiño ó que fomos invitados por outros anteriores e ó que te invitamos se estás a ler isto. Un camiño para facer entre todos, como se fan as cousas que son duradeiras para chegar lonxe en beneficio de todos.

Redes locais, menores e control

por JOSÉ MANUEL VENTOSO PICOS

Semella que o único problema que estas teñen é que menores de 16 anos accedan a elas. A nosa idea é que en realidade estas están deseñadas para ser perxudiciais e, como están desenvoltas polas mais brillantes mentes de

profesionais da psicoloxía e o deseño, conségueno. Mais neste artigo centrareime no control do acceso, por que este parece máis control de toda a poboación e como este podería ser solucionado por unha rede do estilo de amarinha.gal.

Xa no pasado ano Australia implementou unha lei pola cal as grandes empresas deberían tomar "medidas razoables" para impedir que os menores accedesen a estas redes. Que significa isto? Que Facebook, X ou YouTube poderán pedir identificación legal a calquera cunha conta ou que pretenda crear unha coa excusa de aplicar esta lei. Decidiuse polo tanto que unha empresa con suficiente coñecemento sobre os nosos hábitos, intereses e debilidades como para, intencionadamente, baixar a autoestima dos menores que a usan e así compren máis, teña unha excusa legal para facerse con os nosos documentos legais de identificación.

Noutras épocas quizais pasaban anos entre que se aplicaban leis controvertidas, con expertos dando a voz de alarma, e finalmente a sociedade notaba as consecuencias destas. Hoxe as preocupacións vertidas no parágrafo anterior xa as están a sufrir diversas persoas usuarias da rede social X. X, antes Twitter, rede que agora pertence a un super-inimigo de cómic, utiliza unha solución de verificación de idade con sede en Amsterdam e financiamento israelí. De maneira inexplicable, usuarios teóricamente anónimos desta rede viron como o seu nome completo e apelidos eran buscados en Google dende Israel logo de escribir mensaxes críticos co réxime xenocida.

Aínda que confiásemos cegamente nos custodios desta información e a súa lexitimidade á hora de esixir os nosos documentos legais de identidade non bastaría. Deberíamos tamén confiar na súa capacidade para mantelos a bo recaudo. Cada poucos días somos notificados de brechas nos nosos datos dixitais como contrasinais, mais estas poden cambiarse, incluso podemos ter dobre factor de autenticación para evitar que sexan útiles por si mesmos. Pero se empezamos a asumir que todas estas empresas teñen tamén unha copia do noso DNI, fotos e videos da nosa cara e outros medios de identificación, como vamos a evitar que a nosa identidade sexa suplantada á mínima posibilidade de que un ou unha hacker se faga con todos eles?

Todo isto non é para dicir que non sexa necesario facer algo como sociedade para evitar a perversión da mocidade ante a posible exposición aos contidos destas redes. É incluso posible que non sexa dabondo con ofrecer redes seguras como as do fediverso e amarinha.gal en concreto. Por riba, vémonos ante o perigo de desaparecer, no caso de que por lei se obrige ao cumprimento destas medidas, xa que nos non temos a capacidade de xestionar todos estes datos. Mais, é a miña opinión que un escenario no que se deba aseverar a idade ou identidade da xente que queira acceder só pode ser feito de modo correcto por unha rede como a nosa.


Pensándoo cun pouco de distancia, amarinha.gal non é só unha rede pequena, senón tamén localizada. Locali-

zada en A Mariña Lucense, por se non queda claro. Certo é que os nosos administradores polo momento están ubicados na zona oriental da comarca, mais pensando en medrar, isto non ten por que ser sempre así. A pouco que se sume un administrador de, por exemplo, a zona de Viveiro, poderíamos abranguer a totalidade da nosa área en menos de un cuarto de hora en coche. Polo tanto, sería tan facil engadir unnha nova persoa como quedar a tomar

un café, coñecerse en persoa e aceptar a nova conta.

Solucionamos o problema da idade, os datos de cada quen estan a bo recaudo, conseguimos unha rede máis local e xa demos un primeiro paso para comezar a quedar en persoa. Non é que teñamos desvantaxes con respecto a redes máis coñecidas, é que temos fortalezas que estas non saberían como comezar a replicar.

O Fediverso é un conxunto de servizos compatibles entre sí, a maior parte deles libres e que poden substituír por completo as alternativas privadas na túa vida dixital. Podes ver algunhas delas na seguinte árbore:



Ao contrario dos servizos máis coñecidos, todo o fediverso é compatible entre sí, e sempre te podes cambiar de unha instancia a outra, sendo ti o dono dos teus datos.

amarinha.gal é unha instancia de Mastodon, na que podes ver, contestar e enviar mensaxes curtas. **blogs.amarinha.gal** é unha plataforma de blogs, na que periodicamente publican varios membros da nosa comunidade. Únete a calquera delas para interactuar co resto do fediverso tanto local como global. **Esperámoste!**